

TEXTO DESCRIPTIVO DE "OS CAMIÑOS DA VIDA"

Don Caetano era polo de entón un home de idade indefinible. Sempre fora un nugallán amorriñado (...). Pequeneiro de corpo, de pouco xenio, gastaba as horas mortas facendo solitarios ou paseando pola grande solaina do norte, que deixaba axexar por riba da muralla do patio o que se pasaba polo camiño e na reitoral. O seu vivir era deixarse levar polo vivir do pazo como un torgo é levado polas correntes dun río. (...). Só algunhas viaxatas á cidade con criados e bestas chamaban a atención e a envexa dos burgueses polo gasto desacostumado no humilde desenvolvemento das castes de tendeiros e funcionarios. (...). Rematadas as compras na vila, salferidas as onzas, visitadas unhas cantas amizades, volvían ás súas fartas casas, onde recibían de lonxe en lonxe as visitas dos amigos separados por leguas de andadura. Para iso estaban os criados e as bestas. Os froitos chegaban ó seu tempo, mainamente, en ciclos litúrxicos seguindo o decorrer das sazóns. No setembro cobraban as rendas do pan.

Otero Pedrayo, «Os camiños da vida» (1928)

CARACTERÍSTICAS DA DESCRICIÓN EN OTERO PEDRAYO (solución)

Don Caetano era polo de entón un home de idade indefinible. Sempre fora un **nugallán amorriñado** (...). Pequeneiro de corpo, de pouco xenio, gastaba as horas mortas facendo solitarios ou paseando pola grande solaina do norte, que deixaba axexar por riba da muralla do patio o que se pasaba polo camiño e na reitoral. O seu vivir era deixarse levar polo vivir do pazo **como un torgo é levado polas correntes dun río**. (...). Só algunhas viaxatas á cidade con criados e bestas chamaban a atención e a envexa dos burgueses polo gasto desacostumado no **humilde desenvolvemento das castes de tendeiros e funcionarios**. (...). **Rematadas as compras na vila, salferidas as onzas, visitadas unhas cantas amizades, volvían ás súas fartas casas, onde recibían de lonxe en lonxe as visitas dos amigos separados por leguas de andadura**. Para iso estaban os criados e as bestas. **Os froitos chegaban ó seu tempo**, mainamente, en ciclos litúrxicos seguindo o decorrer das sazóns. No setembro cobraban as rendas do pan.

Otero Pedrayo, «Os camiños da vida» (1928)

- **nugallán amorriñado** Denuncia da decadencia da fidalguía.
- **Pequeneiro de corpo, de pouco xenio, gastaba as horas mortas facendo solitarios ou paseando pola grande solaina do norte, que deixaba axexar por riba da muralla do patio o que se pasaba polo camiño e na reitoral**: Descrición, período oracional longo. Barroquismo.
- **como un torgo é levado polas correntes dun río**: Comparación, imaxe evocadora baseada na natureza.
- **humilde desenvolvemento das castes de tendeiros e funcionarios**. Abondoso uso do adxectivo, barroquismo.
- **Rematadas as compras na vila, salferidas as onzas, visitadas unhas cantas amizades, volvían ás súas fartas casas, onde recibían de lonxe en lonxe as visitas dos amigos separados por leguas de andadura**: Períodos oracionais longos, sintaxe complexa, barroquismo.
- **Os froitos chegaban ó seu tempo**: Presenza da natureza, case humanizada.